

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE FACENDA

15541 REAL DECRETO 704/2002, do 19 de xullo, polo que se incorporan as modificacións de determinadas directivas comunitarias sobre asistencia mutua en materia de recadación. («BOE» 183, do 1-8-2002.)

A asistencia mutua en materia de recadación xurdiu no marco dos recursos tradicionais comunitarios, sendo a Directiva do Consello 76/308/CEE, do 15 de marzo, a primeira en establecela para determinados créditos, regulándose as modalidades prácticas para a aplicación das súas disposicións na Directiva 77/794, da Comisión CEE, modificada posteriormente pola Directiva 86/489/CEE, e estendéndose o ámbito da colaboración a través da Directiva do Consello 79/1071/CEE.

O convencemento de que na actualidade, no marco do mercado interior, cómpre protexe-los intereses financeiros comunitario e nacional, cada vez máis ameazados pola fraude, co fin de lograr unha maior garantía de competitividade e neutralidade fiscal do mercado interior, propiciou unha modificación profunda das disposicións existentes sobre asistencia mutua en materia de cobro de créditos establecidas na mencionada Directiva 76/308/CEE, modificación que tivo lugar coa Directiva 2001/44/CE, do Consello, e que obriga á súa debida adaptación no noso ordenamento vixente.

En consecuencia, este real decreto incorpora os novos criterios e precisa os cambios no procedemento que se debe seguir para levar a cabo a asistencia mutua en materia de recadación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xullo de 2002,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto fixa as normas e o procedemento que se debe seguir tendentes a:

- a) Recadar no territorio nacional, por petición dun Estado membro da Unión Europea, os créditos a que se refire o artigo 2 seguinte, nados nese Estado.
- b) Pedir a recadación en calquera Estado membro dos créditos a que se refire o artigo 2 seguinte, nados no territorio nacional.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

A asistencia mutua en materia de cobro será aplicable ós seguintes créditos:

- a) As devolucións, intervencións e outras medidas que formen parte do sistema de financiamento total ou parcial do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA), incluídas as cantidades que se deban percibir no marco destas accións.
- b) As exaccións reguladoras agrícolas e os dereitos previstos na organización común de mercado para o sector do azucre.
- c) Os dereitos de importación.
- d) Os dereitos de exportación.
- e) O imposto sobre o valor engadido.
- f) Os impostos especiais sobre:
 - 1.º Elaborados do tabaco.
 - 2.º O alcohol e as bebidas alcohólicas.
 - 3.º Os hidrocarburos.
- g) Os impostos sobre a renda e o patrimonio.
- h) Os impostos sobre as primas de seguros.
- i) Os xuros, as recargas e as sancións administrativas, os gastos dos créditos a que se refiren os parágrafos a) a h), coa exclusión de calquera sanción de carácter penal conforme a lexislación en vigor no Estado membro en que se atope a autoridade requirida.

Artigo 3. *Definición de conceptos.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

Autoridade requirente: a autoridade competente dun Estado membro que formule unha petición de asistencia relativa a un dos créditos mencionados no artigo 2.

Autoridade requirida: a autoridade competente dun Estado membro á que se lle dirixa unha petición de asistencia relativa a un dos créditos mencionados no artigo 2.

Dereitos de importación: os dereitos de aduana e outros dereitos de efecto equivalente sobre as importacións, así como as exaccións reguladoras agrícolas e outros dereitos á importación establecidos no marco da política agrícola común ou nas disposicións específicas aplicables a determinados produtos derivados do tratamento dos produtos agrícolas.

Dereitos de exportación: os dereitos de aduana e outros dereitos de efecto equivalente sobre as exportacións, así como as exaccións reguladoras agrícolas e outros dereitos á exportación establecidos no marco da política agrícola común ou nas disposicións específicas aplicables a determinados produtos derivados do tratamento dos produtos agrícolas.

Impostos sobre a renda ou o patrimonio: os enumerados no número 3 do artigo 1 da Directiva 77/799/CEE, do Consello, en relación co número 4 do artigo 1 desa Directiva.

Imposto sobre primas de seguros: os enumerados no artigo 1 da Directiva 2001/44/CE, do Consello, en relación co artigo 3 da Directiva 76/308/CEE.

Artigo 4. *Órgano competente.*

1. O Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria é o órgano competente para formular peticións de asistencia ou para recibilas, actuando segundo os casos como autoridade requirente ou requirida.

2. O Departamento de Recadación trasladará, de se-lo caso, as peticións recibidas ós órganos competentes para levar a cabo as actuacións.

Artigo 5. *Prescripción.*

1. As cuestións concernentes á prescripción réxense exclusivamente polas normas xurídicas vixentes no Estado membro requirente.

2. Os actos para o cobro efectuados pola autoridade requirida conforme a petición de asistencia e que, se fosen efectuadas pola autoridade requirente terían por efecto suspender ou interrompe-la prescripción, segundo as disposicións xurídicas vixentes no Estado membro onde a autoridade requirente teña a súa sede, consideraranse, para estes efectos, como se fosen realizados neste último Estado.

Artigo 6. *Peticións de asistencia.*

1. Cada unha das peticións de asistencia mutua formuladas pola autoridade requirente poderá referirse a un crédito ou a varios, sempre que neste último caso os créditos sexan a cargo dun mesmo debedor.

2. Non se admitirán solicitudes de asistencia cando a contía do crédito ou dos créditos sexa inferior a 1.500 euros ou ó seu contravalor na moeda nacional.

3. Sen prexuízo dos requisitos xerais anteriores, a autoridade requirida non estará obrigada a garanti-la asistencia que establecen os artigos 18 a 30 deste real decreto cando, debido á situación do debedor, o cobro poida crear dificultades económicas e sociais graves no Estado membro no que se atope esa autoridade, na medida en que as disposicións legais e regulamentarias e as prácticas administrativas vixentes no Estado en que estea situada a autoridade requirida permitan a dita acción para créditos nacionais similares.

4. Así mesmo, non existirá obriga de garanti-la asistencia que establecen os artigos 9 a 30 deste real decreto, cando a petición inicial se refira a créditos de máis de cinco anos, que empezarán a contar a partir do momento no que o Estado requirente determine que o crédito ou o título que permita a execución do cobro xa non poida impugnarse.

Artigo 7. *Obriga de confidencialidade.*

A información e os documentos enviados á autoridade requirida só poderá facilitalos esta:

- Ó debedor mencionado na petición de asistencia.
- As persoas e autoridades encargadas do cobro dos créditos e para este fin.
- As autoridades xudiciais ou outras instancias ás que se sometesen asuntos correspondentes ó cobro dos créditos.

Artigo 8. *Lingua do procedemento.*

As peticións de asistencia, ó título que permita a execución do cobro e ós restantes documentos anexos uniráselles unha tradución na lingua oficial do Estado requirido.

CAPÍTULO II

Petición de información

SECCIÓN 1.^a PETICIÓN DE INFORMACIÓN FORMULADA POLA AUTORIDADE HABILITADA DUN ESTADO MEMBRO

Artigo 9. *Requisitos da petición de información.*

1. A petición de información dos datos que sexan útiles para o cobro dun crédito deberá leva-lo selo oficial da autoridade requirente e a sinatura dun funcionario desta última debidamente autorizado para iso.

2. Indicarase, ademais, o nome, o enderezo e calquera outra información pertinente á que teña normalmente acceso a autoridade requirente do debedor sobre o que se pide a información para efectos da súa identificación, así como a natureza e o montante do crédito que para o seu cobro se solicita.

3. A petición poderá, así mesmo, ser transmitida por medios telemáticos ou por outros soportes informáticos.

Artigo 10. *Recepción da petición.*

O Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, xustificará a recepción da petición de información dentro dos sete días seguintes ó da recepción desta.

Artigo 11. *Excepcións á obriga de transmisión de información.*

1. As autoridades españolas non estarán obrigadas a trasmiti-la información solicitada:

- Cando a súa comunicación fose susceptible de prexudica-la seguridade ou a orde pública do Estado.
- Cando revelen un segredo comercial, industrial ou profesional.
- Cando non estivese en condicións de obter tal información para o cobro de créditos similares nados no territorio nacional.

2. Cando, polos motivos antes expostos, o Departamento de Recadación decida non dar curso favorable á petición de información, comunicarallo por escrito á autoridade requirente indicando os motivos que o impiden. Esta comunicación deberá facerse antes de transcorridos seis meses, contados a partir da data do xustificante de recepción da solicitude, e poderá ser realizada mediante a utilización de técnicas telemáticas ou outros soportes electrónicos.

Artigo 12. *Actuacións e prazos.*

1. O Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, transmitiralle á autoridade requirente os informes que esta lle solicite relativos á recadación do crédito nacido no Estado membro onde aquela teña a súa sede, conforme os vaia obtendo.

2. En caso de que a información solicitada non puidese ser obtida polas circunstancias especiais do caso, comunicaráselle á autoridade requirente, indicando as razóns que non permitiron obte-los datos solicitados.

3. En todo caso, transcorridos seis meses desde que se recibise a petición de información, comunicaráselle á autoridade requirente o resultado das indagacións efectuadas ata a data.

4. Se, tendo en conta os informes comunicados, a autoridade requirente solicita que se sigan as indagações, esta petición deberá facerse por escrito ou por medios telemáticos ou informáticos, no prazo de dous meses, contados a partir da data de recepción dos resultados comunicados, e será tratada de acordo coas disposicións establecidas para a petición inicial.

SECCIÓN 2.^a PETICIÓN DE INFORMACIÓN FORMULADA POLO DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

Artigo 13. *Inicio das actuacións e requisitos.*

1. Cando nunha delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria exista unha débeda e se teña constancia de que o seu titular reside ou posúe bens fóra do territorio nacional, aquela comunicarllo ó Departamento de Recadación.

O Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirente, poderá solicitar das autoridades habilitadas doutro Estado membro a subministración de información necesaria para a recadación dos créditos nacidos en territorio español.

2. A petición de información farase preferiblemente por vía telemática ou informática ou, se é o caso, por escrito, indicando o nome e enderezo e calquera outra información pertinente para efectos de identificación do debedor sobre o que se solicita a información, así como a natureza e o montante do crédito para o cobro do cal se solicita.

CAPÍTULO III

Petición de notificación

SECCIÓN 1.^a PETICIÓN DE NOTIFICACIÓN FORMULADA POLA AUTORIDADE HABILITADA DUN ESTADO MEMBRO

Artigo 14. *Procedemento e requisitos.*

1. Por petición da autoridade habilitada de calquera Estado membro, o Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, procederá a lle notificar ó interesado tódolos actos e decisións, comprendidos os xudiciais, relativos a un crédito ou ó seu cobro, que emanen do Estado membro onde a autoridade requirente teña a súa sede.

2. A petición de notificación farase por escrito, en dobre exemplar, e indicará o nome, o enderezo e calquera outra información pertinente para efectos da identificación á que teña normalmente acceso a autoridade requirente sobre o destinatario, a natureza e o obxecto do acto ou decisión que se vaia notificar e, se é o caso, o nome e enderezo do debedor, así como calquera outra información útil. Deberá leva-lo selo oficial da autoridade requirente, e irá asinada por un funcionario debidamente autorizado para formulala.

3. A petición irá acompañada, en dobre exemplar, do acto ou a decisión da que se solicita a notificación.

Artigo 15. *Órgano competente.*

O Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, procederá a dar curso á notificación, a través dos órganos competentes, conforme o disposto na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, no Regulamento xeral de recadación, apro-

bado por Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, e demais disposicións aplicables.

Unha vez efectuada a notificación, informarase dela, sen demora, a autoridade requirente, enviando un dos exemplares da súa petición, no que se certificará o actuado.

SECCIÓN 2.^a PETICIÓN DE NOTIFICACIÓN FORMULADA POLO DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA Á AUTORIDADE HABILITADA DOUTRO ESTADO MEMBRO

Artigo 16. *Órgano competente.*

O Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, na súa condición de autoridade requirente, poderá solicitar das autoridades habilitadas doutros Estados membros a notificación nestes Estados de tódolos actos e decisións, incluídos os xudiciais, relativos ós créditos nacidos en territorio español.

Artigo 17. *Requisitos.*

1. A petición de notificación farase por escrito, en dobre exemplar, levará o selo oficial do Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirente, e estará asinada por un funcionario debidamente autorizado.

A esta petición xuntaráse, en dobre exemplar, o acto ou decisión a notificación do cal se pide.

2. A petición de notificación cos requisitos establecidos no número 2 do artigo 14 indicará o nome e enderezo do debedor, a natureza e o obxecto do acto ou decisión que se vaia notificar, así como calquera outra información útil.

CAPÍTULO IV

Petición de cobro

SECCIÓN 1.^a PETICIÓN DE COBRO FORMULADA POLA AUTORIDADE HABILITADA DUN ESTADO MEMBRO

Artigo 18. *Requisitos da petición.*

1. A petición de cobro dun crédito que a autoridade requirente lle dirixa ó Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, deberá ir xunto cun exemplar oficial ou unha copia autenticada do título que permita a súa execución, emitido no Estado membro da autoridade requirente e, se é o caso, co orixinal ou cunha copia certificada conforme doutros documentos necesarios para o cobro.

2. A petición de cobro indicará:

a) O nome, o enderezo e calquera outra información pertinente para efectos da identificación do debedor en cuestión ou do terceiro que posúa os seus activos.

b) O nome, o enderezo e calquera outra información pertinente para efectos da identificación da autoridade requirente.

c) Unha referencia ó título que permita a súa execución, expedido no Estado membro onde teña a súa sede a autoridade requirente.

d) A natureza e contía do crédito, incluídos o principal, os xuros, as recargas, as sancións e os gastos debidos, indicados nas moedas dos Estados membros onde teñan a súa sede ámbalas autoridades.

e) A data de notificación do título ó destinatario por parte da autoridade requirente ou por parte da autoridade requirida.

f) A data a partir da cal e o prazo durante o cal é posible a execución consonte as disposicións vixentes no Estado membro onde teña a súa sede a autoridade requirente.

g) Calquera outra información pertinente.

3. A petición de cobro conterá, ademais, unha declaración da autoridade requirente confirmando que se cumpren os requisitos previstos no número 2 anterior.

4. A autoridade requirente dirixiralle á autoridade requirida, en canto teña coñecemento delas, tódalas informacións útiles relacionadas co caso que motivase a petición de cobro.

Artigo 19. *Recepción da petición.*

O Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, avisará por escrito da recepción da petición de cobro nos sete días seguintes ó da súa recepción.

Artigo 20. *Requisitos do crédito.*

Só se poderá formular unha petición de cobro:

a) Se o crédito ou o título que permita a súa execución non fosen impugnados no Estado membro onde teña a súa sede a autoridade requirente, salvo no caso en que se aplique o disposto no número 1 do artigo 26 seguinte.

b) Cando se puxesen en práctica, no Estado membro onde teña a súa sede a autoridade requirente, os procedementos de cobro pertinentes sobre a base do título mencionado no artigo 18, e mediante as medidas tomadas non se lograse o pagamento íntegro do crédito.

Artigo 21. *Título de execución.*

1. O Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, comprobará que a petición de cobro reúne tódolos requisitos esixidos e remitiralla á delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ó domicilio do debedor ou ó lugar onde radiquen os bens. O título que permita a execución do crédito será directamente recoñecido e tratado automaticamente como un título que permite a execución do cobro emitido polos órganos competentes.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o título que permita a execución do cobro poderá, cando proceda, ser homologado, recoñecido, completado ou substituído por un título que permita a súa execución de acordo co establecido no Regulamento xeral de recadación.

3. A homologación, o recoñecemento, o complemento ou a substitución procurará finalizarse no prazo de tres meses a partir da data de recepción da petición de cobro, agás cando se impugne o crédito ou o título que permita a súa execución, suposto no cal será de aplicación o disposto no artigo 26 deste real decreto. Cando se supere o prazo de tres meses sinalado, informarase a autoridade requirente dos motivos que orixinen o atraso.

4. Ás delegacións da Agencia Estatal de Administración Tributaria, como órganos de recadación territorial, corresponderálle-las expedición do título para a execución que permita a realización do crédito en territorio nacional e a xestión recadatoria.

5. Os instrumentos de cobro emitidos non conterán recargos nin gastos distintos dos liquidados nos documentos do país de orixe. Non obstante, esixiranse os xuros de demora previstos no Regulamento xeral de recadación, e o seu importe será transferido ó Estado membro onde se atope a autoridade requirente.

Artigo 22. *Normas de procedemento.*

A recadación dos créditos a que se refire este real decreto realizarase de acordo coas normas establecidas no Regulamento xeral de recadación, coas excepcións establecidas nos artigos 23 e 26 seguintes.

Artigo 23. *Privilexios dos créditos.*

Os créditos amparados nun título que permita a súa execución, que deban cobrarse por petición de calquera Estado membro, terán a consideración de créditos nacionais, aínda que non gozarán dos privilexios a que se refire o artigo 71 da Lei xeral tributaria.

Artigo 24. *Facilidades de pagamento.*

1. Logo de consulta á autoridade requirente, e por solicitude do debedor, poderase conceder aprazamento ou fraccionamento do pagamento da débeda.

2. Os xuros percibidos como consecuencia do aprazamento transferiránse ó Estado membro onde a autoridade requirente teña a súa sede.

Artigo 25. *Medidas cautelares.*

Por petición motivada da autoridade requirente, poderán adoptarse medidas cautelares co fin de garantilo cobro dos créditos, segundo as disposicións españolas en vigor.

Artigo 26. *Suspensión do procedemento.*

1. Se durante o procedemento de cobro un interesado impugna o crédito ou título que permita a execución do seu cobro no Estado membro en que a autoridade requirente teña a súa sede, esta comunicarllo ó Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, que ordenará a suspensión do procedemento en espera da decisión da instancia competente, salvo que a autoridade requirente solicite o contrario e se poida continua-lo procedemento conforme a normativa tributaria vixente.

2. Se a autoridade requirente solicitase a non suspensión das actuacións de cobro previstas no punto anterior, e posteriormente o resultado da impugnación resultase favorable ó debedor, a autoridade requirente será responsable da devolución de calquera importe cobrado, xunto cos xuros de demora producidos e calquera outra compensación a que tivese dereito o debedor.

3. Cando a impugnación recaia sobre as medidas de execución adoptadas polos órganos de recadación, esta substanciarase conforme as disposicións legais e regulamentarias vixentes no ordenamento xurídico español.

Artigo 27. *Información en caso de imposibilidade de cobro.*

1. En caso de que todo ou parte do crédito non poida ser cobrado, o Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida, comunicarllo á autoridade requirente, indicando as razóns desta situación.

2. Transcorrido o prazo dun ano a partir da data de xustificante de recepción da petición de cobro, a autoridade requirida informará a autoridade requirente do resultado do procedemento de recadación ata a data da comunicación.

3. A autoridade requirente, á vista das informacións recibidas, poderá pedir que se continúe o proceso de cobro.

Esta petición deberá facerse por escrito no prazo de dous meses, contados a partir da data de recepción dos resultados obtidos, e tramitarase segundo o establecido para a petición inicial.

Artigo 28. *Información noutros supostos.*

En caso de que a petición de cobro quedase sen efecto como consecuencia do pagamento ou anulación do crédito ou por calquera outra razón, a autoridade requirente comunicarllo, no prazo máis breve posible e por escrito, ó Departamento de Recadación, como autoridade requirida, e este ordenará a finalización do procedemento de cobro.

Artigo 29. *Modificación da contía do crédito.*

1. Cando a contía do crédito resulte modificada, ben por diminución, ben por aumento do crédito, a autoridade requirente comunicarllo no prazo máis breve posible ó Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirida.

2. Para o cálculo do montante modificado da débeda, aplicarase o tipo de cambio utilizado na petición inicial.

Artigo 30. *Transferencia á autoridade requirente.*

1. A cantidade cobrada ó debedor transferiráselle á autoridade requirente en euros, retendo todo custo que se ocasione relacionado co cobro, conforme as disposicións aplicables ós créditos mencionados. A transferencia deberá efectuarse no prazo dun mes a partir da data en que se efectuase o cobro.

2. Os Estados membros renunciarán reciprocamente a calquera devolución dos gastos que resulten da petición de cobro.

3. Nos casos en que os cobros presenten un problema específico, o importe dos gastos sexa importante ou estean relacionados coa loita contra a delincuencia organizada, as autoridades requirentes e requiridas poderán acordar modalidades de reembolso específicas con respecto ós casos de que se trate.

4. O Estado membro onde teña a súa sede a autoridade requirente será responsable das consecuencias pecuniarias de accións que se consideren inxustificadas en canto á realidade do crédito ou a validez do título remitido.

SECCIÓN 2.^a PETICIÓN DE COBRO FORMULADA POLO DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA Á AUTORIDADE HABILITADA DOUTRO ESTADO MEMBRO

Artigo 31. *Inicio das actuacións.*

1. Cando na delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria existan títulos executivos que non se puidesen realizar total ou parcialmente, e se teña constancia de que o titular reside ou posúe bens no territorio dun Estado membro, remitiráselle estes títulos ó Departamento de Recadación, na súa condición de autoridade requirente, para a súa oportuna tramitación.

2. O Departamento de Recadación, logo de comprobación de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 21 anterior, poderá solicitar das autoridades habilitadas doutro Estado membro a recadación dos créditos nados en territorio español.

Artigo 32. *Requisitos da petición.*

1. A petición de cobro farase por escrito, e deberá ir acompañada do título executivo ou dunha copia certificada deste.

Conterá, ademais, unha declaración na que se fará constar que se cumpriron os requisitos mencionados no artigo 21 anterior.

Así mesmo, deberá conter unha declaración do órgano competente indicándolle a data de notificación ó destinatario da débeda en período voluntario e a data a partir da cal e o prazo durante o cal é posible a execución consonte a lexislación española.

2. O importe dos créditos que se deban cobrar figurará na moeda do Estado membro onde a autoridade requirida teña a súa sede e en moeda nacional.

O tipo de cambio será o cambio oficial en España na data da petición de cobro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1068/1988, do 16 de setembro, polo que se desenvolven determinadas directivas comunitarias sobre asistencia mutua en materia de recadación.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Facenda para dictar, no ámbito das súas competencias, as normas que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15766 REAL DECRETO 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ó consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español. («BOE» 185, do 3-8-2002.)

Como unha das medidas para conseguir os obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto e co obxecto de reducir as emisións de CO₂ producidas polos turismos e potencia-lo aforro de enerxía, dado que a información desempeña un papel fundamental no comportamento das forzas de mercado e coa finalidade de achegar unha información precisa, pertinente e comparable sobre o consumo de combustible e emisións de CO₂ que inflúa na decisión do consumidor a favor dos automóviles que consuman menos combustible e polo tanto emitan menos CO₂, impulsando deste modo os fabricantes a face-lo necesario para reduci-lo seu consumo, o Parlamento Europeo e o Consello aprobaron como política ambiental, ó abeiro do artigo 175.1 do Tratado da Comunidade Europea, a Directiva 1999/94/CE, do 13 de